



**BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN PROFESOR DE PERCUSIÓN (PERSONAL  
DOCENTE, PROFESORADO) PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL  
DE MÚSICA DE VILAGARCÍA DE AROUSA**

**1º. OBXECTO DA CONVOCATORIA.** É obxecto da presente convocatoria a selección, para a súa contratación laboral, dun profesor de Percusión para o *Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa*.

A duración máxima do contrato será ata o 31 de xullo de 2009, prorrogable de se-lo caso. O tipo do contrato será a tempo parcial, cunha xornada semanal de 15 horas. As retribucións serán as fixadas con carácter xeral no convenio colectivo do Concello para os grupos I ou II, anexo II do mesmo, epígrafe C: Persoal contratado temporal e laboral en xeral; e en función da xornada semanal contratada, e segundo a titulación que posúa o profesor seleccionado (Profesor Superior Decreto 2618/1966 e LOXSE, ou Profesor do citado Decreto do 1966).

**2º REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.** Os/as candidatos/as que soliciten tomar parte na selección deberán reunir os seguintes requisitos ou condicións:

- a) Ter a nacionalidade española; no caso de nacionais doutros Estados, reunir os requisitos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007 de 12 de abril.
- b) Ser maior de 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas requiridas.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo a calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- f) Titulación: Título Superior de Percusión; Profesor Superior de Percusión ou Profesor da mesma especialidade.

Todos os requisitos anteriormente citados deberán posuírse na data de celebración da entrevista.



**3º SOLICITUDES E PUBLICIDADE.** O anuncio desta convocatoria será publicado a lo menos nun diario de ámbito autonómico, así como no taboleiro de anuncios e na web do Concello.

Os/as interesados/as presentarán a totalidade da documentación precisa na data de celebración da entrevista – 3 de Decembro de 2008 - incluíndo instancia dirixida a Sra. Alcaldesa na que farán constar que reúnen os requisitos esixidos na base 2ª.

A solicitude deberá ir acompañada do currículum vitae e os documentos xustificativos que acrediten os méritos que se aleguen.

No caso de que a documentación que se aporte sexa en lingua distinta ó castelán ou galego, xuntarase traducción oficial da mesma. No caso contrario non se tomará en consideración.

A documentación que se aporte será orixinal ou copias compulsadas. De non acreditarse debidamente o mérito que se alegue, este non será tido en conta.

**4º DESENVOLVEMENTO DA PROBA SELECTIVA.** A proba selectiva constará de dúas fases, unha primeira fase de avaliación de méritos e outra segunda de entrevista persoal.

#### **FASE DE AVALIACIÓN DE MÉRITOS.**

Todos os méritos e Titulacións alegadas nesta fase acreditaranse co orixinal ou copia compulsada do orixinal. Nesta fase o Tribunal outorgará ós/ás aspirantes a puntuación correspondente á vista dos méritos que aleguen debidamente xustificados, conforme ó seguinte baremo:

##### **A.1. Experiencia docente:**

- Por servicios prestados como docente en Escolas de Música que contén con recoñecemento oficial por parte da Administración Pública ou en Conservatorios Públicos de titularidade autonómica ou municipal, sempre que a xornada laboral fose superior a quince horas semanais, **1 punto** por curso académico (ano completo), prorrateándose por meses os períodos inferiores. Acreditarase con certificación de servicios prestados, con especificación das funcións realizadas e a súa duración.
- Por servicios prestados como docente en Escolas de Música privadas ou en Centros autorizados, que contén con recoñecemento oficial por parte da Administración Pública en ámbolos dous casos, sempre que a xornada laboral non fose superior a quince horas semanais, **0,50 puntos** por curso académico (ano completo), prorrateándose por meses os



períodos inferiores. Acreditarase con certificación de servicios prestados, con especificación das funcións realizadas e a súa duración.

A puntuación máxima deste apartado será de **4,00 puntos**

#### A.2. **Formación docente:**

Participación en cursos relacionados coa función docente musical convocados polas Administracións Públicas ou Organismos Oficiais:

Cursos de ata 25 horas , 0,10 puntos

Cursos de 26 ata 50 horas, 0,20 puntos

Cursos de máis de 51 horas, 0,30 puntos

A puntuación máxima deste apartado será de **3,50 puntos**

#### A.3. **Outras titulacións:** Excluída a precisa para presentarse a esta selección

Por Titulación de Licenciado Universitario: 1,00 punto

Por Titulación de Diplomado Universitario: 0,50 puntos

A puntuación máxima deste apartado será de **1,50 puntos**

#### A.4. **Coñecemento do idioma galego (CELGA).**

Curso de iniciación ou equivalente: 0,50 puntos

Curso de perfeccionamento ou equivalente: 1,00 punto

A puntuación máxima deste apartado será de **1,00 punto**

#### A.5. **Outros méritos**

- Pola organización, impartición ou coordinación de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa especialidade a que se opta convocados polas Administracións públicas ou Organismos oficiais: 0,5 puntos por curso
- Por publicacións ou artigos de carácter didáctico ou científico relacionados coa especialidade á que se opta, sempre que o outor non sexa o editor dos mesmos: 0,3 puntos por cada unha  
Acreditaranse cos exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas dos mesmos.
- Por composición estreada, concertos como autor, concertos ou gravacións, premios en certames, exposicións, festivais ou concursos de ámbito autonómico, nacional ou internacional: 0,3 puntos por cada un.

As composicións e as gravacións acreditaranse co depósito legal correspondente. No referente aos concertos será necesario aportar a documentación impresa, programas, críticas, publicacións en prensa ou outro medio de divulgación que o acredite.



A puntuación máxima deste apartado será de **4,00 puntos**

### **FASE DE ENTREVISTA.**

Consistirá na realización dunha entrevista persoal e individual dos aspirantes co Tribunal, que versará sobre a experiencia e historia profesional do aspirante, coñecementos dos traballos a realizar, coñecementos dos Planos de estudio LOE (Real Decreto 1577/2006, de 22 de decembro, Decreto 198/2007, e Decreto 203/2007, de 27 de setembro) da especialidade á que opta o aspirante e no seu caso coñecementos básicos da Administración Municipal.

**Esta entrevista terá lugar o día 3 de Decembro de 2008 a partir das 10:00 horas da mañá na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa.** Os aspirantes deberán asistir na data e hora sinaladas, provistos do D.N.I. ou documento identificativo e xunto con toda a documentación mencionada nas bases.

**5º. COMISIÓN SELECCIONADORA – TRIBUNAL.** O Tribunal Cualificador desta proba selectiva, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente/a: A Directora do Conservatorio Profesional de Música

Vocais: A Xefa de Estudos do Conservatorio Profesional de Música  
Dous empregados do Concello.

Secretaria: A da Corporación ou funcionario/a no/a que delegue

O Tribunal poderá recabar, se o estimase procedente e conveniente, o asesoramento de un ou varios expertos/as que formarán parte do Tribunal con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no Artigo 28 da L.R.X. – P.A.C., ou realicen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo do Presidente, Secretario e un tercio dos vocais.



**6º. CUALIFICACIÓN DA PROBA SELECTIVA.** A entrevista será cualificada ata un máximo de **10 puntos**. Terá carácter obrigatorio pero non eliminatorio. O número de puntos que poderán ser outorgados por cada membro do Tribunal, será de 0 a 10. As cualificacións adoptaranse sumando as puntuacións outorgadas polos distintos membros do Tribunal e dividindo o total polo número de asistentes a aquel, sendo o cociente a cualificación da entrevista.

A cualificación final da proba selectiva, será a obtida pola suma das puntuacións obtidas na fase de méritos e na de entrevista. O Tribunal formulará a correspondente proposta de contratación a favor do candidato que obtivesen maior puntuación no conxunto da proba selectiva.

No suposto de empate realizarase un sorteo público para determina-la orde de selección.

**7º. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN.** O/a aspirante seleccionado/a e proposto/a polo Tribunal deberán presenta-la documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos na Base 2ª a no día seguinte a data de celebración da entrevista.

O Tribunal deberá formular relación ordenada de maior a menor puntuación dos aspirantes para a formación dunha Bolsa de traballo, có funcionamento previsto na base 8ª.

No caso de que no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, o/a aspirante non presentara a documentación esixida, ou se comprobara que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratado/a e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

Neste caso a Alcaldía poderá acorda-la contratación do/a aspirante seguinte na lista, que obtivera a segunda mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

O/a aspirante proposto/a e contratado/a comezará a prestar servicios na data que se lle indique pola Alcaldía.

## **8º BOLSA DE TRABALLO.**

1. Xurdida a necesidade temporal por terse producido unha baixa, vacante ou por necesidades extraordinarias do servicio acorde á lexislación vixente, e previa declaración da necesidade da súa provisión pola Alcaldesa-Presidenta, o



Departamento de Persoal determinará as condicións do contrato a realizar, que será o que corresponda segundo a lexislación vixente.

2. Ofreceráse ás persoas incluídas na bolsa, seguindo a orde de prelación, sempre e cando se cumpran os requisitos esixidos na relación de postos de traballo para seu desempeño.
3. A tal efecto, terá que comunicarse ó aspirante que corresponda, o lugar e data no que é preciso que se presente.
4. Se o interesado non manifesta súa conformidade có ofrecemento de contratación no prazo de 3 días hábiles, entenderase que renuncia ó mesmo, e se lle postergará ó último posto da bolsa de traballo, a menos que concorran algunha das seguintes circunstancias, oportunamente xustificadas:
  - a. Período de embarazo, de maternidade ou paternidade, de adopción e de acollemento permanente ou preadoptivo, incluíndo o período no que sexa procedente a concesión de excedencia para o coidado de fillos, para calquera dos supostos anteriores.
  - b. Prestar servicios na Administración Local, da Comunidade Autónoma, ou do Estado, como funcionario interino ou como persoal laboral temporal. Así coma en calquera organismo do sector público.
  - c. Prestar servicios no sector privado.
  - d. EnfermidadeÓs efectos da manifestación establecidos no primeiro parágrafo deste punto, ós sábados serán considerados días inhábiles.
5. Os aspirantes que aleguen algunha das circunstancias previstas nas letras do punto 4º conservarán a súa posición na bolsa. Nembargantes non recibirán ningunha outra oferta mentres se manteña a circunstancia alegada. Os interesados estarán obrigados a comunicar por escrito a finalización das situacións sinaladas.
6. Os traballadores que cesen nun posto de traballo a resultas da Bolsa de Traballo, incorporaranse automaticamente á bolsa no lugar que lles corresponda.
7. A renuncia do aspirante, unha vez formalizado o contrato determinará súa exclusión da Bolsa de Traballo aínda no suposto de que tal renuncia teña lugar con carácter previo á incorporación ao posto.



8. No suposto de que na Bolsa de Traballo non existan aspirantes dispoñibles temporalmente ou ben, si se esgota a bolsa e se prevé a necesidade de cobertura de vacantes, poderase realizar unha convocatoria pública para constituír unha nova bolsa.

9. Os integrantes da Bolsa de Traballo están obrigados a sinalar seus datos persoais actualizados que faciliten a rápida localización, incluíndo a telefónica, sendo os únicos responsables da fidelidade dos mesmos.

10. A duración da Bolsa de Traballo será ata a creación dunha nova Bolsa para esa mesma categoría profesional, e en todo caso ata o 31 de xullo de 2009. Excepto que por resolución da Alcaldesa-Presidenta se acorde súa prórroga.

11. A inclusión na Bolsa de Traballo non implica obrigación de ningunha índole por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa co solicitante.

12. O Comité de Empresa poderá solicitar en todo momento información sobre a situación da Bolsa.

**9º. INCIDENCIAS.** O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

Vilagarcía de Arousa, a 24 de novembro de 2008

A ALCALDESA,

Asdo.: M<sup>a</sup> DOLORES GARCÍA GIMÉNEZ